

7 de novembro de 2011. Gas Natural-U. Fenosa vén de iniciar os trámites para a construción doutra central reversíbel na Ribeira Sacra, a de **"Edrada-Santo Estevo"** de 763 MW, entre os encoros de Santo Estevo (Sil) e Edrada (Mao). O proxecto requerirá de faraónicas obras para furar o canón do Sil cun túnel de 5Km, un pozo de 450m e unha central en caverna co volume dun barrio de vivendas de 10 pisos a 120 m de profundidade no macizo. Se o proxecto vai adiante, unirase aos de Belesar III e Os Peares III, tamén de Fenosa e Santo Estevo II e Santa Cristina, de Iberdrola, todos na bacía Miño-Sil, a máis sobreexplotada de Europa con máis de 100 aproveitamentos hidroeléctricos. É outra herdanza ambiental do franquismo xa que deriva dunha concesión de 1951 por 99 anos para o "aproveitamento hidroeléctrico integral" do río Mao. E ben que o aproveitan, con todo "atado y bien atado" por cen anos!

A zona na que están proxectadas as obras -concello de Parada de Sil- sitúase nunha área proposta para formar parte da Rede Natura 2000 (Xunta de Galiza-Ibader, 2008) con nada menos que 18 hábitats protexidos pola Directiva 92/43 CEE, 4 deles prioritarios: 4020* Breixeiras húmidas; 91E0* Bosques aluviais con *Alnus* e *Fraxinus*, 3170* Charcas temporais mediterráneas e 6230* Pradarías con *Nardus* sobre substratos silíceos. Alén disto, na área localízanse tamén 24 especies incluidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, mesmo 4 consideradas en perigo de extinción: a aguia real (*Aquila chrisaetos*) que ten xusto nesta paraxe do canón do Sil un dos núcleos reprodutivos máis occidentais da Península; o milano negro (*Milvus milvus*); a cerceta (*Anas crecca*) e a agacha (*Gallinago gallinago*).

Gas Natural-Unión Fenosa argumenta que o proxecto ten como obxectivo "almacenar excedentes" de enerxía para liberalos cando hai máis demanda. Isto faise bombeando auga

dende o Sil ao encoro de Edrada (5Km) onde se acumula para logo turbinala. A realidade, nen sequera ocultada no documento é que preténdese "bombear para absorber o exceso de producción *sen reducir a produción eólica ou parar as térmicas*". Ou sexa: que en lugar de reducir a oferta "apagando" térmicas (e consecuentemente, emitindo menos CO_2) ou desenchufando muíños cando a demanda é baixa (e, obviamente, vender menos), seguen producindo *a todo gas* e acumulan os excesos. Esta enerxía acumulada en forma de auga no encoro superior, turbinarase logo cando o prezo do Kw estea máis alto. Noutras palabras: especulan coa enerxía no mercado. Dase tamén o paradoxo que a enerxía "suxa" das térmicas ou nucleares reconvírtese, por este procedemento en enerxía limpa e xenerosamente subvencionada con cartos públicos. É unha "lavaxe" de megawatios suxos en limpos con gorentosas plusvalías para as empresas en todo o proceso.

Outras das excusas para xustificar estes "investimentos" é promover tecnoloxías de xeración "limpas" para cubrir a demanda do estado. Como acabamos de ver, a operación de "lavaxe" é todo menos limpa e por outra banda, no estado hai unha capacidade de xeración que supón case o duplo (potencia total instalada) da demanda máxima. E en termos de suficiencia enerxética, cómpre lembrar que Galiza é excedentaria na produción de electricidade, que se exporta fóra, curiosamente através de *operadoras* que tributan en Madrid ou o País Basco. Outro motivo que G.N.-U. Fenosa expón no seu informe para xustificar o proxecto é "estabilizar e garantir o subministro". Pero non era este un dos obxectivos do Decreto do Carbón ? Trátase máis ben de "estabilizar e garantir" os seus indecentes beneficios a costa da desfeita do noso patrimonio natural.

Tanto esta obra como as outras centrais reversíbeis proxectadas ou en construción no Miño e Sil son para ADEGA un inmenso timo e unha estafa argallada polas eléctricas coa cooperación necesaria das administracións, cómplices da malversación descarada de fondos públicos e da desfeita ambiental. O Ministerio de Medio Ambiente, Rural Mariño debe manter a súa decisión de non autorizar novos aproveitamentos nas bacías da súa competencia, como llo reclamou por unanimidade o Senado. Non se trata só de non facer máis encoros, senón de reducir a insoportábel presión hidroeléctrica sobre a Ribeira Sacra, impedindo que estes faraónicos proxectos deterioren para sempre unhas paisaxes, uns hábitats e un patrimonio irrepetíbel. Así o recomenda a Directiva Marco da Auga e fica recollido na Lei de Defensa dos Ríos Galegos. Non debería a Xunta dicir tamén algo ao respeito?